

1º. EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DA CONVOCATORIA DE BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL: TÉCNICO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR-EDUCADOR/A FAMILIAR.

PREGUNTAS:

1. Que título da Constitución Española leva por rubrica: Do Goberno e da Administración?

- a) O título IV.
- b) O título V.
- c) O título VI.

2. Que artigo da Constitución garante a autonomía dos municipios?

- a) O artigo 142.
- b) O artigo 141.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

3. Segundo o artigo 154 da Constitución, cales son as funcións dun Delegado do Goberno?

- a) Dirixir a Administración do Estado no territorio da Comunidade Autónoma.
- b) Dirixir a Administración do Estado no territorio da Comunidade Autónoma e coordinala, cando cumpra, coa administración propia da Comunidade.
- c) Coordinación co Goberno Autonómico.

4. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

- a) Os anulables.
- b) Os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- c) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

5. Segundo o artigo 18 da Constitución, garántese o segredo das comunicacións e, en especial, das postais, telegráficas e telefónicas:

- a) En todo caso.
- b) Salvo resolución xudicial.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

6. Segundo o artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, son empregados públicos as persoas que desempeñan funcións retribuídas ao servizo dos intereses xerais nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei.

Os empregados públicos clasifícanse en:

- a) Persoal funcionario de carreira; persoal funcionario interino; persoal laboral, e persoal eventual.
- b) Persoal funcionario de carreira; persoal funcionario interino, e persoal laboral.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

7. Que actos administrativos serán motivados?

- a) Os actos que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.
- b) Os actos que rexeiten probas propostas polos interesados.
- c) **As respostas a) e b) son correctas.**

8. Cal é o prazo no que debe cursarse a notificación dun acto ou resolución?

- a) 10 días naturais.
- b) **10 días a partir da data en que o acto fose ditado.**
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

9. Cando nunha solicitude figuren varios interesados, con quen debe a administración efectuar as actuacións que procedan?

- a) **Co representante ou o interesado que expresamente sinalasen, e, na súa falta, co que figure en primeiro termo.**
- b) Con todos os que figuren.
- c) Co representante dos interesados.

10. Que efecto terá o silencio administrativo nos procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición a que refírese o art. 29 da Constitución?

- a) **Desestimatorio.**
- b) Estimatorio.
- c) No exercicio deste dereito non existe a figura do silencio administrativo.

11. O defecto de forma dun acto:

- a) Determinará a anulabilidade do acto en todo caso.
- b) **Só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.**
- c) Determinará a nulidade do acto en todo caso.

12. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, excepto disposición expresa en contrario, os informes serán:

- a) Facultativos.
- b) Preceptivos ou facultativos.
- c) **Facultativos e non vinculantes.**

13. No procedemento administrativo un día considerárase inhábil en todo caso:

- a) **Cando un día fose hábil no concello ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa.**
- b) Cando un día fose hábil no concello ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado, e hábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa.
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

14. O Goberno e a administración municipal:

- a) Corresponde ao Alcalde e os concelleiros en todo caso.
- b) Corresponde ao concello, integrado polo Alcalde e os Concelleiros, salvo naqueles municipios que legalmente funcionen en réxime de Concello Aberto.
- c) Corresponde ao Alcalde.

15. Indique a resposta correcta. A Xunta de Goberno Local:

- a) Só existe nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.
- b) Só existe nos municipios con poboación superior a 10.000 habitantes.
- c) Pode existir nos municipios con poboación inferior a 5.000 habitantes se así o dispón o seu regulamento orgánico ou acórdao o seu Pleno Corporativo.

16. Segundo o contido da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a cada persoa titular do dereito de acceso ao sistema galego de servizos sociais, seralle asignada unha persoa profesional de referencia no ámbito dos servizos sociais comunitarios correspondentes, que:

- a) Será preferentemente unha traballadora ou traballador social da rede pública de servizos sociais, que terá ao seu cargo o expediente social básico.
- b) A persoa usuaria poderá solicitar motivadamente o cambio de profesional de referencia, podendo elixir entre outros profesionais existentes na súa área.
- c) a e b son correctas.

17. Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos:

- a) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- b) Facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.
- c) A xestión de equipamentos comunitarios para sectores de poboación con necesidades específicas.

18. Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, os servizos sociais comunitarios específicos terán como función, entre outras:

- a) O desenvolvemento de programas e actividades para previr a exclusión de grupos vulnerables de características homoxéneas e facilitar a súa inserción e normalización social.
- b) A atención directa a colectivos con déficit de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas no medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.
- c) a e b son correctas.

19. Segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, o sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, conforme a dous niveis de actuación:

- a) Servizos sociais comunitarios, que comprenden os servizos sociais comunitarios básicos e os servizos sociais comunitarios específicos.
- b) Os servizos sociais comunitarios, que comprenden os servizos sociais comunitarios básicos e os servizos sociais comunitarios específicos, e os servizos sociais especializados.
- c) Os servizos sociais básicos e os especializados.

20. Segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, os programas e servizos sociais comunitarios básicos estarán constituídos por:

- a) O programa de valoración, orientación e información en materia social, o servizo de axuda a domicilio e de comida a domicilio, o programa de reeducación e axuda ás familias, o programa básico de inserción social e o programa de fomento da cooperación social.
- b) O programa de valoración e diagnóstico social das demandas da cidadanía, o servizo de axuda a domicilio e o servizo de educación e apoio familiar.
- c) O programa de valoración, orientación e información en materia social, o servizo de axuda a domicilio, o servizo de educación e apoio familiar, o programa básico de inserción social, o programa de fomento da cooperación e a solidariedade social.

21. Segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, o servizo de educación e apoio familiar:

- a) Integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de malos tratos infantís ou calquera outra desprotección.
- b) Procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo, ás persoas en situación de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.
- c) a e b son correctas.

22. O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, define como obxectivos do servizo de educación e apoio familiar, entre outros:

- a) A derivación para a intervención social, biopsicosocial e/ou socioeducativa idónea para cada caso, que favoreza a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais, procurando a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar, e da inclusión social.
- b) Ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento, e a permanencia na contorna habitual.
- c) Previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia, ou a algún dos seus membros, con especial atención aos menores de idade.

23. Segundo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, son persoas destinatarias do servizo de educación e apoio familiar:

- a) Calquera persoa ou unidade de convivencia para as que, consonte a valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.
- b) **Familias da comunidade de referencia dos servizos sociais comunitarios, con atención prioritaria a aquelas unidades de convivencia que se atopen en situación de maior vulnerabilidade, nas que exista presenza de menores en risco de desatención.**
- c) Prioritariamente, as persoas ou unidades familiares que teñan asignado servizo de axuda a domicilio, como apoio educativo e familiar.

24. Segundo o contido do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a prestación do servizo de educación e apoio familiar:

- a) **Só poderá ser realizada por persoal técnico ao servizo da Administración pública local titular do servizo, de maneira que forme parte do equipo interdisciplinar dos servizos sociais comunitarios.**
- b) As entidades privadas que presten o servizo de educación e apoio familiar contarán cun local de referencia, que será a sede da base operativa do programa, e que en todo caso deberá estar situado no concello en que se presta o servizo ou nun concello limítrofe.
- c) No caso de que o servizo de educación e apoio familiar sexa prestado por unha entidade do terceiro sector, esta deberá estar rexistrada para este efecto no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).

25. O Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, uso e acceso á historia social única electrónica, establece que se incorporarán progresivamente mecanismos que permitan determinar un módulo ou módulos de información que poidan conter datos de especial custodia ou intimidade nas áreas de:

- a) **Saúde, derivados de actos de violencia de xénero e de xustiza penal.**
- b) Información económica relativa a nivel de renda e patrimonio, xustiza penal e información acerca de nivel formativo.
- c) Información relativa ao recoñecemento de prestacións económicas e da saúde.

26. En relación á apertura e elaboración da historia social única electrónica, o Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, uso e ou acceso á historia social única electrónica, establece:

- a) A apertura da historia social única electrónica tamén se poderá levar a cabo nos servizos sanitarios, cando o acceso ao sistema galego de servizos sociais prodúzase directamente a través destes.
- b) **A apertura da historia social única electrónica corresponderá ao/á profesional de referencia da persoa usuaria nos servizos sociais comunitarios que lle corresponda.**

c) A historia social única electrónica constitúese como o soporte adecuado para a intervención social dos/as profesionais técnicos/as dos servizos sociais e sanitarios que participan no proceso de intervención.

27. Respecto aos criterios para a valoración da situación de exclusión social, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia establece:

a) Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos, a situación de desemprego e a concorrencia doutros factores de exclusión cando estes supoñan unha dificultade para a integración social ou laboral.

b) Poderán valorarse como persoas en situación de risco de exclusión social, aquelas que obteñan ingresos derivados da súa actividade laboral inferiores ao importe da suma do ingreso mínimo máis os complementos familiares que lles correspondería percibir en concepto de tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia, aínda que non concorran máis factores de exclusión.

c) Para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, verificarase unicamente que a persoa está afectada por un destes factores de risco: estar nunha situación de cargas familiares non compartidas; estar en proceso de rehabilitación social; ter a condición de muller vítima de violencia de xénero; ser unha persoa vítima de violencia doméstica ou ter unha discapacidade valorada superior ao 33%.

28. Segundo a Lei 10/2013 do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son informes preceptivos, determinantes e non vinculantes, para a tramitación da renda de inclusión social de Galicia:

a) Soamente o informe social, realizado polo/a traballador/a de os servizos sociais municipais.

b) O informe social realizado pola traballadora ou traballador social de referencia, a proposta de proxecto de integración social e, no seu caso, o acordo sobre medidas paterno-filiais.

c) O informe social realizado pola traballadora ou traballador social de referencia, a proposta de proxecto de integración social e, no seu caso, o acordo anexo para a integración socioeducativa dos e das menores.

29. Segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro de inclusión social de Galicia, o proxecto de integración social:

a) Articularase por medio de accións concretas que incidan na mellora das condicións básicas de vida.

b) Excluirá calquera compromiso relacionado con terceiros, centrando o interese das actividades programadas, no desenvolvemento da persoa titular do proxecto e da acción profesional.

c) a e b son correctas.

30. Respecto do acordo para a integración socioeducativa das persoas menores, a Lei 10/2013 do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, establece:

a) Especificará aspectos concretos de cambio ou axuste persoal, tales como a modificación de hábitos, desintoxicación, mellora da autonomía persoal, entre outros.

b) Debe recoller os compromisos contraídos en relación coa escolarización real e efectiva, a saúde, a hixiene e a socialización.

c) Os servizos sociais comunitarios realizarán o seguimento in situ do cumprimento do acordo, empregando para ese fin o servizo de axuda no fogar ou, na súa ausencia o servizo de educación e apoio familiar.

31. Son persoas destinatarias da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia:

a) As persoas unidas entre si por matrimonio ou que estean inscritas no Rexistro de Parellas de feito de Galicia, as súas ascendentes, as que delas dependan por filiación, adopción, tutela ou acollemento, e as que teñan ao seu cargo, sempre que formen un núcleo estable de convivencia.

b) Todos os anteriores e ademais, a muller xestante e a muller ou home en proceso de adopción en solitario, formalizasen ou non un acollemento familiar preadoptivo.

c) Todos e cada un dos diferentes modelos de familia contemplados ou non na lexislación vixente.

32. Son principios reitores recolleitos na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia:

a) Liberdade, protección á familia e á infancia e responsabilidade pública.

b) Liberdade, igualdade e responsabilidade pública.

c) Non discriminación, protección á familia e á infancia e responsabilidade pública.

33. No ámbito da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o municipio exercerá competencias nas seguintes materias:

a) Prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

b) Protección integral á familia.

c) Protección integral dos menores.

34. Segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, os grupos familiares de especial consideración son:

a) As familias numerosas, as monoparentais, as que teñen persoas maiores, con discapacidade ou con dependencia a cargo, as acolledoras, as que están en situación de especial vulnerabilidade económica, as familias vítimas de violencia de xénero.

b) As familias numerosas, as monoparentais, as que están en situación de especial vulnerabilidade económica, as familias vítimas de violencia de xénero.

c) As familias numerosas, as monoparentais, as que teñen persoas con dependencia a cargo, as acolledoras, as que están en situación de especial vulnerabilidade económica.

35. Para os efectos da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, considéranse familias en situación de especial vulnerabilidade económica:

a) Aquelas que se atopan nunha probada situación de necesidade, como son as perceptoras da renda de inclusión social de Galicia.

b) Aquelas que perciben prestacións ou rendas do traballo que non superen o 125% dos límites equivalentes da renda de inclusión social de Galicia que lles serían de aplicación segundo a composición da unidade de convivencia.

c) a e b son correctas.

36. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle respecto do "apoio familiar":

- a) Concepto: procedemento de carácter voluntario dirixido a facilitar a comunicación entre os membros da familia, a fin de que xestionen por si mesmos unha solución aos conflitos que lles afecten.
- b) Niveis: informativo, educativo e formativo, preventivo, de axuda persoal e emocional, de orientación e acompañamento, e de terapia e tratamento.
- c) Finalidades, entre outras: a procura común de solucións satisfactorias e duradeiras no tempo, e a minimización do custo emocional que todo conflito produce en todos os membros da familia.

37. A que referímonos cando falamos de MATIASS?

- a) É unha aplicación informática propiedade intelectual do Estado, e foi cedida a través dun convenio de cooperación asinado o 7 de xuño de 1994 entre o Ministerio de Asuntos Sociais e a Xunta de Galicia.
- b) É unha aplicación informática que presta información sobre: prestacións e recursos sociais, soportes documentais, pautas e metodoloxía de Traballo Social, convocatorias de axudas nas diferentes áreas de actuación, solicitudes, formación, lexislación, así como direccións de interese, ligazóns con internet, novidades, etc.
- c) Como ferramenta, facilita a utilización de grandes cantidades de información e permite a explotación inmediata dos datos. Isto facilita dunha forma inmediata o coñecemento das necesidades detectadas nunha contorna concreta.

38. Forman parte das accións e medidas de prevención para a protección da infancia e a adolescencia, segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia:

- a) O desenvolvemento de programas de integración social das e os menores con dificultades especiais, dirixidos a procurar a eliminación daquelas barreiras físicas e de comunicación que lles impidan o seu pleno desenvolvemento persoal e a súa integración educativa e social.
- b) a detección, valoración e intervención nas situacións de risco de calquera índole.
- c) A asunción da garda da ou o menor, exercida mediante o acollemento.

39. A que referímonos cando falamos de SIUSS?

- a) É o Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais. Unha aplicación informática que desenvolve a Ficha Social, aínda que non é exclusiva dos servizos sociais.
- b) É un soporte documental técnico para as persoas que traballan como profesionais do traballo social e que está instalado en todos os concellos de Galicia.
- c) a e b son correctos.

40. Cal é a estrutura de SIUSS?

- a) A parte troncal, onde se recollen todos os datos relativos á persoa usuaria e ás intervencións profesionais que se realizan con ela, e os módulos específicos de xestión de recursos, como o módulo de axuda a domicilio.
- b) O módulo de datos da persoa usuaria, o de datos sociofamiliares, o módulo de hábitat, e o da intervención social, incluído o programa de axuda a domicilio.
- c) Os módulos de identificación, demanda, valoración e recursos específicos aplicados.

LISTA DE RESERVA:

1. A aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da corporación require:

- a) Maioría simple dos membros presentes.
- b) Maioría absoluta do número legal de membros da corporación.
- c) Maioría simple do número legal de membros da corporación.

2. O Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou solicíteo a parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación:

- a) Quinta.
- b) Terceira.
- c) Cuarta.

3. As utilidades de SIUSS son, entre outras:

- a) Posibilitar que os traballadores sociais de atención primaria poidan rexistrar as súas intervencións profesionais para a implementación de políticas municipais de servizos sociais.
- b) Traspasar información entre os distintos niveis de toma de decisións a nivel provincial a través do envorcado de datos estatísticos.
- c) Facilitar a recollida de información sobre as persoas usuarias por parte dos profesionais, e permitir o coñecemento do perfil sociodemográfico da poboación, as súas demandas, necesidades e os recursos que se lle aplican.

4. Son principios xerais de actuación segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, entre outros:

- a) A consideración dos actos de violencia dixital contra a muller, exercidos por homes da súa contorna familiar, social, profesional ou académico.
- b) O carácter integral das medidas previstas, teñen en conta a totalidade de danos que as mulleres sofren como consecuencia da violencia de xénero, asegurando un acceso rápido, transparente e eficaz aos servizos e recursos.
- c) O respecto ás disposicións establecidas sobre publicidade non sexista a nivel institucional e de publicidade dinámica en Galicia.

5. Segundo a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia os municipios exercerán as súas competencias en materia de protección ás persoas menores a través das actuacións seguintes entre outras:

- a) A detección das necesidades de carácter sanitario, educativo, económico, sociolaboral, familiar ou outras análogas que afecten os nenos, nenas e adolescentes que residan no seu territorio



Praza do Concello, 1
15865 - Brión

981 88 70 06
concello@concellodebrion.gal
www.concellodebrion.gal

- b) A garantía do dereito dos/as menores a unha atención temperá en razón ás súas necesidades e distintas capacidades.
- c) A protección e asistencia do/as menores que se atopen en situación de posible desprotección ou desamparo.